

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

5035 *Orde TED/302/2021, do 29 de marzo, pola que se modifica a Orde ITC/2877/2008, do 9 de outubro, pola que se establece un mecanismo de fomento do uso de biocarburantes e outros combustibles renovables con fins de transporte, co obxecto do adiamento dos termos temporais e da suspensión de determinadas obrigacións aplicables ao exercicio de certificación 2020.*

Desde a implementación da Directiva 2003/30/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de maio de 2003, relativa ao fomento do uso de biocarburantes e outros combustibles renovables no transporte, a promoción do uso de biocarburantes no sector do transporte erixiuse como unha ferramenta transcendental no marco das políticas de transición enerxética.

A partir da Lei 12/2007, do 2 de xullo, pola que se modifica a Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, co fin de adaptala ao disposto na Directiva 2003/55/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2003, sobre normas comúns para o mercado interior do gas natural, implementáronse obxectivos mínimos de consumo e venda de biocarburantes, progresivamente crecentes, cuxo principal instrumento de execución se atopa no sistema de certificación e pagamentos compensatorios, regulado mediante a Orde ITC/2877/2008, do 9 de outubro, pola que se establece un mecanismo de fomento do uso de biocarburantes e outros combustibles renovables con fins de transporte.

As funcións deste mecanismo de fomento dos biocarburantes atribuíronse ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo (actual Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico), de acordo co punto 2.e) da disposición adicional oitava da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (CNMC). Porén, esta lexislación recollía un período transitorio de desempeño das ditas funcións por parte da propia CNMC, segundo establece a súa disposición transitoria cuarta, conforme a cal a dita autoridade administrativa seguiría realizando estas funcións, entre outras, ata o momento en que o ministerio competente dispuxese dos medios necesarios para exercelas de forma efectiva.

Neste sentido, o traspaso efectivo da competencia ao ministerio produciuse en virtude do punto 1 da disposición transitoria sexta do Real decreto 500/2020, do 28 de abril, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, e se modifica o Real decreto 139/2020, do 28 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais, que determina que, a partir do 1 de xaneiro de 2021, este departamento ministerial comezará a exercer de forma efectiva a función detallada no punto 2.e) da disposición adicional oitava da Lei 3/2013, do 4 de xuño, consistente en expedir os certificados e xestionar o mecanismo de certificación de consumo e venda de biocarburantes.

Co fin de garantir a eficacia no traspaso da competencia, o 24 de setembro de 2020 asinouse un convenio entre o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para o traspaso dos medios materiais necesarios, así como para a previsión de actuacións de coordinación e formación para a xestión do mecanismo de certificación de consumo e venda de biocarburantes.

As circunstancias excepcionais de suspensión temporal de prazos nos procedementos administrativos acaecidas no ano 2020 afectaron os tempos de adaptación da ferramenta informática do Sistema de información para a certificación de biocarburantes (Sicbios) á nova situación como consecuencia do traspaso de competencias da entidade de certificación.

Isto fai necesario adiar os prazos previstos no artigo 12 da Orde ITC/2877/2008, do 9 de outubro, relativos á avaliación das cantidades acreditadas e á liquidación anual, así como daqueles relativos ás funcións para a certificación. Ademais, exceptúanse para a certificación definitiva correspondente ao exercicio 2020 determinadas obrigacións de remisión de información e documentación.

De acordo co exposto, esta orde ministerial introduce unha modificación da Orde ITC/2877/2008, do 9 de outubro, para incluír nela unha disposición adicional pola que se produce o adiamento dos termos temporais mencionados para as funcións de certificación e execución dos pagamentos compensatorios correspondentes ao exercicio 2020, e a suspensión de determinadas obrigacións de remisión de información e documentación previstas na Circular 5/2020, do 9 de xullo.

Esta orde ministerial elaborouse tendo en conta os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguranza xurídica, transparencia e eficiencia que conforman os principios de boa regulación a que se refire o artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Deste modo, cumpre co principio de necesidade, ante a existencia de adiamento dos termos temporais do exercicio de certificación correspondente ao ano 2020, polos motivos expostos.

Así mesmo, cumpre co principio de eficacia, dado que se constitúe como a adecuada alternativa ante a situación presentada.

Adecúase, así mesmo, ao principio de proporcionalidade, dado que a norma contén a regulación imprescindible para atender a necesidade que se precisa cubrir, e intenta garantir en todo momento o equilibrio entre as necesidades administrativas para a xestión da certificación de biocarburantes e as demandas de certeza xurídica que require o sector.

Por outra parte, axústase ao principio de seguranza xurídica, ao ser coherente co establecido nas disposicións legais e regulamentarias que lle serven de fundamento.

Tamén cumpre co principio de transparencia, pois na súa tramitación efectúase o correspondente trámite de información pública e audiencia. Ademais, define claramente os seus obxectivos, tanto no seu preámbulo como na memoria de análise do impacto normativo que a acompaña.

Por último, é coherente co principio de eficiencia, dado que esta norma non impón cargas administrativas innecesarias ou accesorias.

De conformidade co artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, esta orde foi sometida a información pública e trámite de audiencia mediante a súa publicación no portal web do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico. Tamén se solicitou informe da CNMC, emitido o 10 de marzo de 2021, e someteuse a informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde ITC/2877/2008, do 9 de outubro, pola que se establece un mecanismo de fomento do uso de biocarburantes e outros combustibles renovables con fins de transporte.*

Engádesse unha nova disposición adicional única coa seguinte redacción:

«Disposición adicional única. *Adiamento dos termos temporais para a avaliación das cantidades acreditadas e a liquidación anual establecidos na Orde ITC/2877/2008, do 9 de outubro, na Circular 5/2020, do 9 de xullo, da CNMC, e na Circular 2/2017, do 8 de febreiro, da CNMC, e suspensión de determinadas obrigacións previstas na Circular 5/2020, do 9 de xullo, da CNMC, para a certificación correspondente ao exercicio 2020.*

1. As solicitudes de expedición de certificados provisionais á conta e os envíos de información mensual de verificación previstos no punto oitavo da Circular 5/2020, do 9 de xullo, da CNMC, relativos ao exercicio 2020, así como as súas posibles modificacións, deberanse remitir antes do 1 de maio de 2021, nos termos establecidos na referida Circular 5/2020, do 9 de xullo, da CNMC.

2. Ata o 1 de xuño do ano 2021 poderanse acreditar vendas ou consumos de biocarburantes efectuados durante o ano 2020 mediante o envío de solicitudes de expedición de certificados definitivos, de acordo co establecido no capítulo III da presente orde. A partir desa data tampouco se poderán facer os envíos de información anual de verificación previstos no punto décimo segundo.8 da Circular 5/2020, do 9 de xullo, da CNMC, nin se poderán solicitar transferencias de certificados entre suxeitos nin traspasos ao seguinte ano natural.

3. Antes do 1 de outubro do ano 2021, a entidade de certificación notificará aos titulares de contas de certificación os seguintes aspectos, de acordo co previsto no punto décimo terceiro.2 da Circular 5/2020, do 9 de xullo, da CNMC, e no punto cuarto.1 da Circular 2/2017, do 8 de febreiro, da CNMC:

- a) Número de certificados correspondentes ao ano 2020 que computen ao seu favor.
- b) Número de certificados que constitúan a súa obrigaón correspondente ao ano 2020.
- c) Número de certificados que, de ser o caso, falten para o cumprimento da súa obrigaón, e o importe resultante que haberá que aboar.

4. Antes do 1 de novembro de 2021, de acordo co previsto no punto cuarto.3 da Circular 2/2017, do 8 de febreiro, da CNMC, os suxeitos que deban realizar pagamentos compensatorios relativos ao exercicio correspondente ao ano 2020 farán efectivo o importe que corresponda na conta bancaria que a entidade de certificación disporá para tal efecto.

5. A contía recadada por concepto de achegas ao fondo de pagamentos compensatorios liquidaráselles aos suxeitos que teñan dereito a iso, de acordo co establecido no artigo 11, así como no punto quinto da Circular 2/2017, do 8 de febreiro, da CNMC, antes do 1 de decembro de 2021.

6. Para a certificación definitiva correspondente ao exercicio 2020 suspéndense as seguintes obrigaóns previstas na Circular 5/2020, do 9 de xullo:

a) A obrigaón contida no punto noveno.1.a) da Circular 5/2020, do 9 de xullo, consistente na indicación da alternativa utilizada para a acreditación dos criterios de sustentabilidade ao remitir a información correspondente ás cantidades anuais de cada partida de biocarburante vendida ou consumida en territorio español.

En relación coa sustentabilidade dos biocarburantes, os suxeitos obrigados deberán remitir a citada información agregada por cada tipo de biocarburante, con indicación da instalación de almacenamento ou fábrica desde a cal o produto se puxo no mercado e a alternativa utilizada para a acreditación dos criterios de sustentabilidade, expresada en m³ a 15 °C.

b) A obrigaón contida no punto noveno.1.f bis) da Circular 5/2020, do 9 de xullo, consistente na remisión de información e documentación anual, por parte dos suxeitos obrigados que sexan titulares de instalacións de almacenamento ou de produción, relativa ás saídas ao territorio español do conxunto das súas instalacións para cada un dos suxeitos obrigados propietarios de produto que saia das súas instalacións, incluídas as saídas do propio suxeito obrigado.

c) A obrigaón contida no punto décimo segundo.8.a) da Circular 5/2020, do 9 de xullo, consistente na remisión de información e documentación anual por parte dos titulares de instalacións de almacenamento que non sexan suxeitos obrigados.»

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Esta orde dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.13.^a e 25.^a da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e bases de réxime enerxético.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 29 de marzo de 2021.—A vicepresidenta cuarta do Goberno e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, Teresa Ribera Rodríguez.